



**O PP QUERE GASTAR OS CARTOS DO PXOM NA
AMPLIFICACIÓN DA ALAMEDA.
NECESITAMOS CREAR EMPREGO E APARCADOIROS
PÚBLICOS GRATUÍTOS EN SUPERFICIE.**

A ESTRADA PRECISA UNHA REVOLUCIÓN O POVO É QUEN MÁIS ORDENA

LEMBREMOS QUE A REVOLUCIÓN FOI POSÍBEL: O inicio das revolucións sempre ven determinado por un factor común: a desigualdade, a opresión, o abuso dos poderosos sobre os humildes que, fartos das situacións tiránicas que os afogan, se revolven contra os seus opresores para cambiar a orde preexistente e equilibrar a balanza da xustiza.

Nesta orde de cousas, hoxe conmemórase a chamada “Revolución dos cravos”, acaecida en Portugal o 25 de Abril de 1974, que culminou coa caída do réxime salazarista, o goberno fascista que rexía Portugal. Esta revolta rapidamente se converteu nun mito, e aos sons da xa inesquecible canción de Zeca Afonso, “Grândola Vila Morena”, ficou gravada para sempre no maxín popular coas tropas portuguesas engalanando os canóns das súas armas cos caraveis cos que os agasallou unha florista -a maquinaria da morte vencida pola vida-, como fermosa metáfora de que se pode triunfar sobre o terror sen violencia, tendo como única arma a solidariedade dun pobo que, vencendo os seus medos, se uniu para derrocar a quen o asoballaban, emitindo un forte berro de fartura.

Por iso, nun 25 de Abril, tamén nós queremos berrar o cansanzo que nos invade fronte á indiferenza do goberno do Partido Popular e nomeadamente do alcalde José López Campos, ante as necesidades do noso pobo, condensado no vergoñento proxecto polo que se pretende ampliar a alameda até a rúa Castelao, destinando para iso todo o presuposto do PXOM. Esta decisión unilateral, e tomada obviando que **“o pobo é quen máis ordena”**, elimina de facto toda a posibilidade de satisfacer as

necesidades máis urxentes que temos os cidadáns de A Estrada.

PORQUE NOS INDIGNA A SITUACIÓN NA QUE ESTAMOS: Produce moita tristura e indignación ver como dende o goberno municipal, esas persoas ás cales confiamos a xestión do noso patrimonio xogan con el coma se fose da súa propiedade, e no canto de apoiar a quen conformamos o tecido da sociedade local (de novo o pobo), centra os seus esforzos en favorecer os intereses das grandes superficies comerciais, alegando a escusa do emprego (escaso, precario e barato), xogando espúreamente coa desesperación de quen xa non alberga esperanzas.

PRECISAMOS SOLO INDUSTRIAL E EMPREGO: O noso goberno obvia a necesidade acuciante de ampliar o solo industrial, negando a posibilidade de asentamento a empresas que poderían estar interesadas en consolidarse no noso concello, cos beneficios que iso reportaría.

PRECISAMOS APARCAMENTOS E HUMANIZAR A VILA: Son precisos espazos de aparcamento en superficie no contorno do casco urbano, gratuítos, para así desconxestionar o centro e facilitar o acceso aos servizos, algo que agora é moi difícil, sobre todo para os veciños que viven no rural.

PRECISAMOS MÁIS ALAMEDAS: Destinar todos os nosos recursos nunha única actuación urbanística, en algo que xa existe, e que por moito que se amplíe non resolve o feito que sexa único pulmón verde que temos, negando a posibilidade de posuír agradables zonas de lecer nos lugares máis afastados do centro.

É así que asistimos con indignación a unha abraiante mostra de inconsciencia, propia de quen se cree inmune a toda crítica, a do sr. López, que pretende levar a cabo unha actuación en exceso cara e en exceso innecesaria, convertendo a obra de ampliación da alameda nunha triste alegoría do constante xeito de obrar do Partido Popular: a centralización constante dos recursos e as tomas de decisións, obviando as necesidades da maioría, ninguneando e ignorando a quen se opoñen á súa xestión.

Por eso, e lembrando aquel 25 de abril no que o pobo portugués, valentemente, declarou que el é *"quen máis ordena"*, o BNG só pode continuar declarando que *"À sombra duma azinheira/Que já não sabia a idade/Jurei ter por companheira/Grândola, a tua vontade"*.

PORQUE NA ESTRADA PRECISAMOS DUNHA REVOLUCIÓN
#DÁLLEAVOLTAÁESTRADA

A Estrada, 25 de abril de 2015